

GRUPO MUNICIPAL



MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando a que **SE INSTAURE O SISTEMA DE BONOTAXI E SE AMPLÍE O NÚMERO DE EUROTAXIS CONVENIADOS**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar de ser un concello de máis de 50.000 habitantes e de ter o recoñecemento de cidade accesible, Pontevedra presenta graves deficiencias para os colectivos de persoas con mobilidade reducida, diversidade funcional e dependentes. Dous datos evidencian esta situación de desleixo: **o noso concello dispón dun só taxi adaptado (Eurotaxi) e carece dun sistema de Bonotaxi**.

O titular da licenza do único Eurotaxi pontevedrés manifestaba (o 9 de marzo deste ano nunha entrevista nun xornal), que no noso concello non se demanda máis o seu servizo "por descoñecemento". Para MAREA PONTEVEDRA sería un atranco importante para a mobilidade dos colectivos afectados que o descoñecemento e falta de utilización leve a abandonar ese taxi adaptado e mesmo a non ampliar o servizo con outros.

De acordo co *Libro Branco do Taxi* e co *Real Decreto 1544/2007*, e ao contar cunha flota de 91 taxis, Pontevedra debería alcanzar en 2017 a cota dun 5 por cento deles adaptados; é dicir, debería dispoñer con catro ou cinco Eurotaxis.

De acordo tamén coas promesas do equipo de goberno (adiantadas na prensa na mesma data de 9 de marzo deste ano), o noso concello ía establecer unha liña de subvencións para converter un novo taxi convencional nun segundo Eurotaxi. O daquela concelleiro responsable da área falaba dunha cantidade anual para a adaptación do vehículo de 7.000 euros, á que se lle engadían 1.500 euros máis para a homologación, o mantemento e outros gastos.

Dado que a falta de Eurotaxis é un claro aliado da exclusión social, MAREA PONTEVEDRA considera necesario impulsar a divulgación do servizo, promover e facilitar o seu uso e cumprir o compromiso adquirido coa Asociación Amizade e coa Federación Cogami de **chegar a catro ou cinco vehículos desas características de aquí a 2017, adaptando un por ano**.

En paralelo, MAREA PONTEVEDRA ve conveniente poñer en marcha desde o concello o

sistema de Bonotaxis, similar ao que xa funciona en Vigo ou A Coruña.

Para MAREA PONTEVEDRA é competencia da administración local garantir o dereito social á liberdade de desprazamentos das persoas con mobilidade reducida ou dependencia severa que precisen de transporte para actividades tan cotiás como iren a fisioterapia, faceren xestións administrativas e bancarias e acudiren a centros médico-hospitalarios ou a centros de formación, de lecer e de traballo. En resumo, é competencia clara da administración local axudar a que as destes colectivos sexan persoas activas e con plenos dereitos sociais nunha contorna sen atrancos físicos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta diante do pleno a seguinte

PROPOSICIÓN:

- 1. Instaurar un sistema de BONOTAXI, reservado a persoas con mobilidade reducida, diversidade funcional e dependentes, controlado desde Benestar Social (os Servizos Sociais Comunitarios), e con talonarios de bonos concedidos tendo necesariamente en conta a renda persoal e aspectos médico-sociais.**
- 2. Instar ao Goberno Municipal a evitar a perda do único EUROTAXI, ampliando a oferta con outros tres ou catro vehículos conveniados de aquí a 2017, a razón dun por ano.**

Pontevedra, 3.8.2015

Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ